



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección/Comité Reducido 29/06/2011

No día de hoxe celebrouse unha reunión para tratar o seguinte:

PLAN DE BAIXAS .- A respecto do documento do Plan de Baixas (ERE) que nos foi entregado a pasada semana, a C.I.G. fixo as seguintes actualizacións:

- 1º.- Que toda persoa que voluntariamente decida acollerse o Plan, non se verá prexudicada polas posibles futuras reformas legislativas nesta materia, nas súas expectativas de dereito que ten a xubilarse nas condicións normativas actuais, de existir algún prexuízo, que este sexa asumido pola empresa.
- 2º.- Compromiso firme de ir anulando a cláusula de variabilidade daqueles traballadores/as que a teñan, así como o de incrementar as novacións de contratos a 8 horas.
- 3º.- Facilitar os datos estimativos do volume de traballadores/as con patoloxías susceptibles de poder acollerse a este Plan de Baixas.
- 4º.- Condonación do 25% ós xubilados parciais.
- 5º.- Formalizar unha Comisión de participación e seguimento.
- 6º.- Aclaración se a memoria explicativa é un "Corpo único" xa que contéplase dentro dela a posibilidade de asumir acordos que no seu momento a C.I.G. non asinou.

Para a C.I.G. estando de acordo con que este documento sirva para que aqueles traballadores/as con problemas de saúde e que non teñan a patoloxía suficiente para acadar unha invalidez, se lles permita acollerse voluntariamente a este Plan, e así atopen unha saída a súa problemática persoal. O que se pretende é salvaguardar calquera posible variación que poida modificar as condicións actuais, e evitar así, riscos innecesarios para o futuro pensionista. Facilitarannos o documento que a Dirección entende como definitivo nesta semana, quedando para o 7 de xullo a próxima reunión. Sobre estes puntos celebrar que houbera coincidencia en varios deles, entre os sindicatos de clase.

DENSO .- A Dirección transmítenos que ten comunicación do Provedor DENSO, que a partires do próximo luns día 4/07 está convocada unha Folga indefinida, como consecuencia da ruptura das negociacións do Convenio Colectivo que, de non arranxarse, afectaría de xeito inmediato o noso Centro.



Para a C.I.G., **como coñecedora da negociación**, a Dirección de DENSO ten responsabilidades claras neste posible conflito, onde prima a falla de diálogo como revela que se leven 14 reunións sen avances. Lamentaríamos que repercutise nesta Planta, pero pensamos que non se pode esperar a que se inicien os conflitos para mostrar preocupación polas posibles repercusións. De aí que a C.I.G. veña pedindo dende hai tempo a participación efectiva da Representación Social do Automóbil no CEAGA. En todo caso, de non evitarse o conflito, os traballadores/as terán a nosa comprensión como veñen tendo os/as doutras empresas Europeas (que nin chegamos a saber o seu nome) onde tamén por defender os seus intereses nos vimos afectados/as.

AVARIA FERRAXE.- Con respecto ó problema de produción acaecido coa avaría de ferraxe o pasado día 27/06, dicir que unha vez máis vólvese penalizar POR DUPLICADO á quenda de noite, xa que primeiro se lle reduce o seu horario previsto en dúas xornadas, para logo declarar como laborable o DOMINGO 3 de xullo. A C.I.G. deixou claro diante da Dirección, por ser reiterativo, ata que punto hai responsabilidade na falla de previsión nun colectivo tan importante como é a desprofesionalización do Servizo de Mantemento así como nos Traballos Preventivos, traballos que nos últimos tempos se deixaron de facer e que revelan as graves consecuencias. Pero parece que o fácil é descargar os problemas organizativos da produción nos máis febles polas súas condicións contractuais, e por suposto o acento ponse na quenda de noite.

ERE .- A respecto da pregunta feita pola C.LG. sobre a sinatura dos 5 días que os traballadores/as afectados/as polo ERE realizaran, dicir que se vai pasar unha comunicación individual coas datas reais das persoas que estiveron de Expediente (4 días) durante o mes de xuño. Esta mesma comunicación levará un engadido ó final de páxina cos días que cada traballador leva consumidos polo de ERE a día de hoxe.

Confederación Intersindical Galega